



informa

O CONSELLO XERAL DA FORMACIÓN PROFESIONAL ACEPTOU RETIRAR O TÍTULO DE TÉCNICOS/AS DE COIDADOS SANITARIOS

CIG-Saúde participou hoxe na reunión do Consello Xeral da Formación Profesional onde solicitamos a retirada do título de Técnicos/as de coidados sanitarios.

O Ministerio de Sanidade acepta as nosas alegacións e reconece que están sen desenvolver as competencias profesionais destes/as profesionais.

Acordouse que na comisión de Recursos Humanos do Foro Marco para o Diálogo Social (Mesa sectorial do ministerio de sanidade) se constitúa un grupo de traballo para analizar as competencias profesionais dos/as TCAEs.

Unha vez feito isto, se trasladará ao INCUAL para analizar as cualificacións profesionais.